

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

5003 *Real decreto 601/2012, do 30 de marzo, polo que se dispoñen as operacións e importes das taxas en relación cos controis oficiais de produtos de orixe animal importados de países non comunitarios.*

O Regulamento (CE) n.º 882/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004, sobre os controis oficiais efectuados para garantir a verificación do cumprimento da lexislación en materia de pensos e alimentos e a normativa sobre saúde animal e benestar dos animais, dispón, no seu artigo 27.2, que os Estados membros garantirán a recadación dunha taxa no caso das actividades recollidas na sección A do anexo V, relativas a controis de mercadorías e animais vivos importados na Comunidade.

Así mesmo, no artigo 27.3 do citado regulamento establécese que as taxas percibidas en relación con aquelas actividades non serán inferiores aos importes mínimos especificados na sección B do citado anexo. Por último, no artigo 27.4, letra b), recóllese a posibilidade de establecer o importe das taxas mediante o seu cálculo a tanto global ou ben atendendo aos importes recollidos no dito anexo.

Sen cuestionar a aplicación e efectos directos que ten o Regulamento (CE) n.º 882/2004, cómpre establecer o alcance que o novo marco regulatorio supón en relación con determinados aspectos da normativa estatal vixente, máxime cando o seu artigo 27.12 determina que os Estados membros publicarán o método de cálculo das taxas.

En particular, nesta disposición trátase de integrar e actualizar a situación normativa resultante respecto da taxa por controis de sanidade exterior realizados a carnes e produtos de orixe animal de países non comunitarios, establecida no artigo 28 da Lei 13/1996, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social. Convén lembrar que mediante este artigo se incorporaba ao ordenamento xurídico a Directiva 96/43/CE do Consello, pola que se modifica e codifica a Directiva 85/73/CEE. E, pola súa parte, no anexo V do Regulamento recóllese que as operacións polas cales os Estados membros perciben taxas, conforme a Directiva 85/73/CEE, son as previstas nas directivas 97/78/CE e 91/496/CE, confirmando, deste modo, a continuidade na regulación da taxa.

Neste sentido, dispónse a correspondencia das actividades e operacións gravadas coa dita taxa coas recollidas na sección B do anexo V do Regulamento (CE) n.º 882/2004 e, así mesmo, determínase o alcance do novo esquema de tarifas mínimas sinalado no citado artigo 27.3 do Regulamento comunitario, ao dispor que os importes das taxas para cada unha das operacións ou actividades previstas quedan fixados nas cantidades recollidas no anexo V, facendo uso, deste modo, da opción prevista no citado artigo 27.4, letra b), do regulamento.

O actual esquema de importes encóntrase recollido no Real decreto 1498/1999, do 24 de setembro, polo que se actualizan as taxas por controis de sanidade exterior realizados a produtos de orixe animal de países non comunitarios, e a súa conversión a euros produciuse mediante a Resolución 11/2001, do 31 de outubro, da Dirección Xeral de Tributos do Ministerio de Facenda. Así mesmo, nas respectivas leis de orzamentos establecéronse actualizacións xerais dos importes das taxas, pero, en todo caso, non superan nas súas tarifas resultantes os importes mínimos recollidos no citado anexo V.

A habilitación legal para abordar as cuestións reguladas neste real decreto encóntrase no punto 8 do artigo 28 da Lei 13/1996 citada, en que se faculta o Goberno para modificar mediante real decreto a regulación e contía das ditas taxas, de acordo coa normativa que aproba a Unión Europea, tendo en conta, así mesmo, que mediante o Real decreto 1330/1997, do 1 de agosto, de integración dos servizos periféricos e estrutura das

delegacións do Goberno, a partir de 1998 o Ministerio de Administracións Públicas asumiu a xestión e recadación das taxas que sobre a materia viñan sendo tramitadas polos servizos periféricos integrados.

Na elaboración desta norma foron oídos os sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, e do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 30 de marzo de 2012,

DISPOÑO:

Artigo único. *Taxas por controis de sanidade exterior.*

1. Os importes para o cálculo da taxa por controis de sanidade exterior realizados a carnes e outros produtos de orixe animal procedentes de países non pertencentes á Unión Europea, establecida no artigo 28 da Lei 13/1996, de medidas fiscais, fíxanse nos importes mínimos previstos nos capítulos I, II e III da sección B do anexo V do Regulamento (CE) n.º 882/2004.

Os importes para o cálculo desta taxa están recollidos no capítulo I do anexo deste real decreto.

2. Os importes para o cálculo da taxa por controis de sanidade exterior aplicables ao tránsito pola Unión Europea dos produtos de orixe animal procedentes de países non pertencentes á Unión, fíxanse nos importes mínimos previstos no capítulo IV da sección B do anexo V do Regulamento (CE) n.º 882/2004.

Os importes para o cálculo desta taxa están recollidos no capítulo II do anexo deste real decreto.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Queda derogado o Real decreto 1498/1999, do 24 de setembro, polo que se actualizan as taxas por controis de sanidade exterior realizados a produtos de orixe animal de países non comunitarios, así como cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan a este real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.16.^a, primeiro inciso, da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de sanidade exterior.

Disposición derradeira segunda. *Facultades de desenvolvemento.*

Autorízanse os ministros de Facenda e Administracións Públicas e de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade para ditar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e a aplicación deste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor aos dous meses da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 30 de marzo de 2012.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia,
SORAYA SÁENZ DE SANTAMARÍA ANTÓN

ANEXO

CAPÍTULO I

Importes das taxas en relación cos controis oficiais de produtos de orixe animal procedentes de países terceiros

1. Carnes frescas, refrixeradas ou conxeladas, das especies bovina, porcina, ovina, cabrúa, equina (incluídas as especies cabalar, asnal e mular); carnes de ave de curral, de coello, de caza de granxa e de caza silvestre, así como de calquera outra especie animal, incluídos os seus miúdos e vísceras:

a) Taxa mínima por control oficial:

- 55 euros por partida, ata 6 toneladas

e

- a continuación, 9 euros por tonelada, ata 46 toneladas,

ou

- 420 euros por partida, a partir de 46 toneladas.

b) Carnes frescas de aves de curral, de coello, de caza de granxa e de caza silvestre, así como de calquera outra especie animal, incluídos os seus miúdos e vísceras transportadas como carga heteroxénea:

- 600 euros por embarcación cunha carga de produtos de ata 500 toneladas.
- 1.200 euros por embarcación cunha carga de produtos de ata 1.000 toneladas.
- 2.400 euros por embarcación cunha carga de produtos de ata 2.000 toneladas.
- 3.600 euros por embarcación cunha carga de produtos superior a 2.000 toneladas.

2. Produtos cárnicos, preparados cárnicos e preparacións alimenticias que conteñan carne de calquera especie animal, calquera que sexa o seu método de elaboración:

a) Taxa mínima por control oficial:

- 55 euros por partida ata 6 toneladas

e

- a continuación, 9 euros por tonelada, ata 46 toneladas,

ou

- 420 euros por partida, a partir de 46 toneladas.

b) Produtos cárnicos, preparados cárnicos e preparacións alimenticias que conteñan carne de calquera especie animal, calquera que sexa o seu método de elaboración, transportados como carga heteroxénea:

- 600 euros por embarcación cunha carga de produtos de ata 500 toneladas.
- 1.200 euros por embarcación cunha carga de produtos de ata 1.000 toneladas.
- 2.400 euros por embarcación cunha carga de produtos de ata 2.000 toneladas.
- 3.600 euros por embarcación cunha carga de produtos superior a 2.000 toneladas.

3. Produtos da pesca e de acuicultura, refrixerados, conxelados ou elaborados por calquera método:

a) Taxa mínima por control oficial:

- 55 euros por partida ata 6 toneladas

e

- a continuación, 9 euros por tonelada, ata 46 toneladas,

ou

- 420 euros por partida, a partir de 46 toneladas.

- b) Partidas de produtos da pesca transportadas como carga heteroxénea:
- 600 euros por embarcación cunha carga de produtos da pesca de ata 500 toneladas.
 - 1.200 euros por embarcación cunha carga de produtos da pesca de ata 1.000 toneladas.
 - 2.400 euros por embarcación cunha carga de produtos da pesca de ata 2.000 toneladas.
 - 3.600 euros por embarcación cunha carga de produtos da pesca superior a 2.000 toneladas.
- c) Produtos da pesca capturados no seu medio natural e desembarcados directamente por un buque pesqueiro que enarbore o pavillón dun país terceiro:
- 1 euro por tonelada para as primeiras 50 toneladas de cada mes.
 - 0,50 euros por tonelada a continuación.
4. Outros produtos de orixe animal:
- a) Moluscos bivalvos vivos, equinodermos, tunicados e gasterópodos mariños, vivos:
- 55 euros por partida ata 6 toneladas
- e
- a continuación, 9 euros por tonelada, ata 46 toneladas,
- ou
- 420 euros por partida, a partir de 46 toneladas.
- b) Caracois de terra e ancas de ra:
- 55 euros por partida ata 6 toneladas
- e
- a continuación, 9 euros por tonelada, ata 46 toneladas,
- ou
- 420 euros por partida, a partir de 46 toneladas.
- c) Graxas e aceites animais e as súas mesturas:
- 55 euros por partida ata 6 toneladas
- e
- a continuación, 9 euros por tonelada, ata 46 toneladas,
- ou
- 420 euros por partida, a partir de 46 toneladas.
- d) Leite, produtos lácteos e preparados a base de leite:
- 55 euros por partida ata 6 toneladas
- e
- a continuación, 9 euros por tonelada, ata 46 toneladas,
- ou
- 420 euros por partida, a partir de 46 toneladas.

e) Ovos e ovoprodutos:

- 55 euros por partida ata 6 toneladas

e

- a continuación, 9 euros por tonelada, ata 46 toneladas,

ou

- 420 euros por partida, a partir de 46 toneladas.

f) Mel e produtos apícolas:

- 55 euros por partida ata 6 toneladas

e

- a continuación, 9 euros por tonelada, ata 46 toneladas,

ou

- 420 euros por partida, a partir de 46 toneladas.

g) Outros produtos de orixe animal non incluídos en ningún dos puntos anteriores:

- 55 euros por partida ata 6 toneladas

e

- a continuación, 9 euros por tonelada, ata 46 toneladas,

ou

- 420 euros por partida, a partir de 46 toneladas.

CAPÍTULO II

Importes das taxas aplicables ao tránsito pola Unión Europea de produtos de orixe animal procedentes de países terceiros

O importe das taxas ou gravames polo control oficial do tránsito de produtos de orixe animal pola Unión Europea queda fixado en 30 euros como mínimo ao se iniciar o control, cun incremento de 20 euros por cada cuarto de hora e membro do persoal que interveña nos controis.